

## A represión franquista contra os mariñeiros galegos

Dionísio Pereira



«...Na noite, vo-los tres fuxitivos.  
Fuxitivos do medo na dorna escorregante,  
danzando e embestindo contra o medo...»

(«Os líderes mariñeiros que fuxiron na dorna e morreron no Atlántico, lonxe do terror», Xosé Luís Méndez Ferrín)

No pasado ano 2007, cumpriuse o 71 aniversario do golpe militar que a partir do 18 de xullo de 1936 tinxiu de sangue o país, malia que por estes pagos non houbera propiamente confrontacións militares. A beiramar galega sufriu de maneira desmedida as represalias que os franquistas cometeron contra aquelas persoas que, na etapa republicana, pretenderan mudar a ruín condición dos obreiros, dos labregos pobres e dos mariñeiros. Estes contaron durante a IIª República cunha forte organización, a Federación Regional Gallega de Industria Pesquera (FRGIP), integrada na CNT, que reuniu máis de 17.000 pescadores e pescantinas distribuídos por 46 portos; o que significaba en torno a un 30% de taxa de sindicación. Esta Federación sostivo importantes conflitos e foi quen de controlar unha patronal pesqueira e conserveira habituada a impor a súa vontade.<sup>1</sup>

Ademais o asociacionismo mariñeiro coñeceu unha importante novidade durante a etapa republicana: a implantación dos chamados sindicatos de industria pesqueira, que integraban todas as profesións vinculadas á pesca, xa fosen de terra ou de mar. Entre aqueles sindicatos, os máis nutridos foron: o Sindicato de Industria Pesquera Mar y Tierra de Vigo-Bouzas, con 2.200 persoas afiliadas en 1932; o Sindicato de Industria Pesquera (SIP) da Coruña, que integraba nove seccións, entre elas a veterana El Despertar Marítimo de mariñeiros (cun total de 2.000 persoas afiliadas en 1935); o SIP de Marín, que andou entre 1.000 e 1.600 cotizantes durante a República; a Alianza Marinera de Cangas (1.500 persoas afiliadas, ás que habería que engadir na Fronte Popular as 1000 pescantinas integradas na súa sociedade denominada La Reivindicadora); a Solidaridad Marinera de Moaña (1.500 persoas asociadas en 1936) e os sindicatos de industria pesqueira implantados en Ribeira e Cariño, con 1.500 e 1.200 afiliados e afiliadas respectivamente na altura do ano 1936.

En conclusión, cando estoupa a guerra civil, as simpatías da xente de mar do noso país estaban de xeito abafador (con todas as críticas que se queira, procedentes maiormente das ringleiras anarcosindicalistas) a prol dos que defenderon o sistema republicano. Dito coas palabras dun pescador de Pontedeume, na beiramar galega «reinaba a República».

## ■ O GOLPE

No que atinxe ao universo das actividades pesqueiras, tras a intervención dos militares, algúns armadores e propietarios de fábricas de conserva tomaron cumprido desquite instigando ao asasinato, á tortura e á aldraxe máis infame. Quizais en poucos sitios como na península do Morrazo, Vigo-Bouzas, Panxón, Teis, A Pobra do Caramiñal ou Cariño ficou tan ás claras a *xustiza de clase* que boa parte da patronal da pesca industrial lles aplicou, mediante as actividades criminais dos falanxistas, aos dirixentes dos extintos sindicatos mariñeiros da CNT ou influídos polo PCE, que tantos crebadizos de cabeza lles deran na República. Aínda hoxe causa arrepío nalgunhas capas da poboación de localidades mariñeiras das Rías Baixas ou do Cantábrico escoitar os nomes do Tenente *Rabioso*, do nazi alemán Bruno Schweitzer, posto ao servizo da Falanxe de Marín, ou dalgúns apelidos de coñecidas familias de armadores, conserveiros, navieiros ou fomentadores de salgazón.

Contrariamente ao que aconteceu cos sindicatos mariñeiros, as organizacións patronais, tal que o Gremio de Armadores de Buques de Pesca da Coruña, a Asociación de Armadores de Buques de Pesca La Marítima de Bouzas (presidida polo *Caballero de la Guardia Cívica*, Víctor Montenegro Feijóo), ou as súas homónimas La Necesaria ou El Berbés de Vigo, etc., seguiron a funcionar sen ningún impedimento até que os novos sindicatos verticais as fagocitaron, moi ao seu pesar na maioría dos casos. Mais agora, en Vigo agregaron aos seus cometidos o de serviren de deladoras diante das novas autoridades dos cadros mariñeiros perseguidos. Neste labor foron axudadas por antigos rebenta folgas agrupados, tras o duro conflito das parellas de arrastre de Bouzas do ano 1932, na Sociedad de Trabajadores de la Industria Pesquera denominada La Au-

tonoma, de carácter amarelo. Pero se a participación da patronal nas represalias efectuadas polos milicianos falanxistas é visible dabondo, cando menos nas Rías Baixas, non o é menos a presenza dos militares como cadro de fondo daqueles feitos. Estes ocupaban ás veces un primeiro plano arrepiante: velaí o protagonismo do propio xefe do polígono naval de Marín, o capitán de navío Francisco Basterreche, nos brutais interrogatorios aturados polos militantes da Solidaridad Marinera moañesa no que fora o seu local da Seara, un edificio construído co esforzo dos mariñeiros e, tras o alzamento militar, confiscado pola Falanxe para servir de *cheka*.

De calquera maneira, a partir do golpe, a patronal pesqueira e conserveira campou polos seus respectos. Así, dende o verán de 1936, o Comité Provincial de Armadores a la Parte e a Unión de Fabricantes de Conservas decidiron unilateralmente, sen o contrapeso sindical implantado na República, os toques das capturas da sardiña e o seu prezo en lonxa nas Rías Baixas. Asemade, a Federación de Armadores de Buques de Pesca de España, encabezada pola patronal dos portos de Vigo-Bouzas, A Coruña e Marín, foi quen de botar abaixo o arbitrio sobre a venda de peixe que, en xullo de 1937, pretendía implantar a Deputación de Pontevedra. En suma, para o propio presidente franquista da devandita Deputación, a patronal pesqueira e conserveira funcionaba, naquel intre, como «un Estado dentro del Estado, percibiendo incluso sus impuestos que no se atreve nadie a rechazar ante el temor de tener como enemigo a la patronal, que ya se sabe por la experiencia de otros, hunde a sus enemigos».<sup>2</sup>

## ■ ESCENARIOS DO TERROR

No litoral, a persecución mortal dos falanxistas e outros paramilitares asaíñouse sobre todo cos militantes máis significados dos sindicatos de pescadores e de industria pesqueira. Nas vilas e cidades da nosa beiramar, máis de 120 cadros mariñeiros anarcosindicalistas (20 en Vigo-Bouzas, 16 na Coruña e outros tantos en Cangas, 12 en Moaña e en Cariño...) foron sacrificados a partir de agosto de 1936 e testemuñan tanto o pasado poderío da fenecida FRGIP, como a xenreira que as actividades dos sindicatos en Celeiro,

O Barqueiro, Cariño, Mugardos, Sada, A Coruña, Porto do Son, Cangas, Marín, Moaña, Vigo-Bouzas, Panxón, Aldán, Baiona, O Grove, Cambados, etc. xeraron nas *forzas vivas* dos respectivos portos de pesca. Polo que coñecemos, en moitos lugares da beiramar, a que armou e instigou os falanxistas foi a gran patronal pesqueira e conserveira;<sup>3</sup> xa nolo dixo anos atrás con amargas palabras Manuel Rúa, mariñeiro cenetista de Moaña: «A patronal, luchando con ela toda a vida e así acabou por matarnos».

Nas Rías Baixas o mar foi tamén foxa común: en Cangas, Moaña, Bueu ou en Vilagarcía de Arousa, barcos de pesca alugados para a ocasión a fabricantes e armadores, ou motoras de paseo postas a disposición por señoritos de Casino, transportaron os sindicalistas mariñeiros tras ser asasinados para logo fondealos na ría atados aos grillóns de torrar peixe nas fábricas de conserva ou a pandullos do balo. Algúns, caso dos coñecidos militantes da sociedade La Solidaridad Marinera moañesa, os irmáns Eugenio e Manuel Cancelas, José Paz Pena e Cándido Giráldez foron asasinados polos falanxistas de Marín e logo guindados ao mar dende o pesqueiro *Ave sin Puerto*; non apareceron máis. E na veciña vila de Cangas, o mar tan só devolveu cinco dos once homes masacrados no lugar de Angueiro o 28 de agosto de 1936 e logo mergullados na ría.<sup>4</sup>

Do acontecido en Bueu, temos o testemuño de Antón Patiño: «O fío dos mortos de Meiro, Beluso, Bon e Cela remataba no mar noite tras noite [...]. Os xefes dos matachíns subían os homes esposados por parella a unha lancha [...]. Á luz da lúa e das estrelas, a travesía quedaba detida no medio da ría. Uns certos disparos desfechados na caluga acababa entre insultos coa vida dos homes [...]. Os seus corpos asasinados guindábanos ao mar [...]



e, coa mesma auga da ría, lavaban o sangue que os martirizados deixaban nas táboas da lancha.

Mais antes de abandonalos tomaban sempre o coidado de recollerlles os grillóns para poder aproveitálos na próxima condución [...].<sup>5</sup>

No tocante á Ría de Arousa, naquel tempo malfadado, os barcos cambadeses que andaban ás vieiras cos rastos nas proximidades da Illa de Arousa decote recollían entre o marisco restos daqueles cidadáns asasinados e logo fondeados. A día de hoxe coñecemos tan só os nomes dun par de veciños da Illa que tiveron mala morte no mar: Esteban Picón Conde, fondeado no Aguiúncno, e Santiago Otero *Pajares*, quen fora Presidente da efémera

República Independente da Illa de Arousa nos revolucionados días de outubro de 1934, devolto polo mar na praia de Area da Secada e aberto en canal polos falanxistas para enchelo de pedras e logo retornalo á Ría.<sup>6</sup>

Un dos episodios máis sangrentos tras o golpe do 36 foi o que aconteceu preto de Baiona, na Enseada da Bombardeira, coñecida dende aquela como a *Volta dos Nove*:

para se vingar da morte dun falanxista cando perseguía dous fuxidos en Sabarís (Baiona), os seus *camaradas* desprazáronse o 15 de outubro de 1936 á cadea de Vigo e elixiron nove homes, a maioría mariñeiros cenetistas de Panxón e Baiona, que meteron nunha camioneta. Xa era noite cando chegaron á Bombardeira e alí fóronos matando un a un. Os pescadores que regresaban a porto deron a noticia. Porén o máis emocionante foi que este arrepiaante acontecemento seguiu vivo entre a veciñanza ata os anos 60 ou 70 do século pasado, pois durante todo este tempo aparecerían día a día nove cruces gravadas na terra, na curva onde caeran os corpos sen vida.

Nas Rías do Norte, a represión estivo vinculada en moi-

Á dereita a empacadora coruñesa Basiliša Álvarez, implicada nas redes de evasión por mar

de *El Despertar Mariñtino*. Foto cedida polo Proxecto Nomes e Voces.

Xaneiro de 1937: anarcosindicalistas coruñeses fuxidos na motora *Conchita*, na cidade de Xixón. Foto cedida por Miguel Cuervo.

Mariñeiros de Cariño exilados en Chile, na posguerra. Foto cedida por Eliseo Fernández.

tas ocasións ás evasións por mar organizadas nos días inmediatos ao movemento faccioso por afiliados aos sindicatos mariñeiros. Tal aconteceu en Cariño onde, tras a saída no 23 de xullo de 1936 de 38 membros do Sindicato de Industria Pesquera (CNT) no boniteiro *Arkale* con dirección Saint Nazaire, os falanxistas vingáronse no mes de setembro fusilando, contra os muros do ferrolán Castelo de San Felipe, once homes da vila.

Mención á parte merecen aquelas mulleres do mar que foron escarnecidas, avergoñadas e decote violadas. En Vilagarcía de Arousa e Carril, por exemplo, os falanxistas asañáronse con moitas mulleres de ideas esquerdistas, rapándolles o pelo e gravándolles UHP na fronte, non

confrontacións armadas derivadas do alzamento militar, e a veterana afiliada (74 anos) Teresa Varela foi asasina da andando o mes de setembro de 1936.

## ■ UNHA VIXILANCIA ABAFANTE

A desconfianza que os *golpistas* lle profesaban á xente de mar, polos seus belixerantes antecedentes societarios, ficou de manifesto no ríxido control establecido respecto das faenas pesqueiras.

En primeiro lugar, dende comezos de setembro de 1936, as respectivas comandancias e axudantías de Mariña impuxeron unha revisión xeral das cartillas de embarque, na



contentes con asasinar ou encadear os seus seres queridos; unhas mulleres simbolizadas en María e Montserrat Abuín Pardo, regateiras de Carril que ían vender peixe a Caldas e que sacaron adiante os seus familiares sobrepoñéndose á dor e á miseria, dando un exemplo de grande forza moral e fonda dignidade.<sup>7</sup> Algo semellante aconteceu cun feixe de peixeiras coruñesas do mercado de San Agostiño, que foron malladas e perseguidas por teren montado garda diante da cadea coruñesa para evitaren o *paseo* dos seus achegados. Na propia capital herculina, cómpre lembrar a intensa represión sufrida pola Sección de Empacadoras do SIP local, pois a súa directiva María Bello, que era cidadá portuguesa, atopou a morte nas

que se lles esixía, aos mariñeiros, certificados de boa conduta expedidos pola comandancia da Garda Civil ou pola Delegación de Orden Público para poderen embarcar; algo que estaba expresamente prohibido para os que asumiran cargos sindicais no período de Fronte Popular. Algo semellante se produciu nos exames para obter os títulos de patrón e maquinista, nos que se esixían certificados de non «haber tomado parte en actividades contrarias al GMN». Coñecemos numerosos casos de mariñeiros impossibilitados de se enrolar por esta circunstancia na Guarda, Portonovo, Moaña, Vigo, Pontedeume, etc.<sup>8</sup> Mesmo nesta derradeira vila, o propio presidente da Federación de Pósitos Marítimos y de Pescadores del Norte de Galicia, o armador

# El Despertar Marítimo

Organo de la Federación Regional Marítima afecta a la C. N. del T.

Redacción y Administración  
BUJA ALTA, 18

NÚMERO EXTRAORDINARIO

Número suelto 30 céntimos  
Paquete de 30 ejemplares 4 pes.

## 1.º DE MAYO / DE AYER A HOY

Hace cuarenta y un años que los gigantes del pensamiento y de la acción, Parsons, Spils, Fischer, Linná y otros, impulsaron el mundo hacia una

espacio estas sublimes palabras: ¡Emancipación!  
¡Anarquía!

Primero de Mayo, rojo como las flores que

nueva efemérides que sirvió de guía para la conquista de las ocho horas. Enterrados jornadas largas en minas, fábricas y talleres, apenas podíamos dedicar algunos ratos a elevar nuestro espíritu surtido en las profundidades de ese abismo que se llama ignorancia; de ese abismo que sostiene la burguesía porque en él radica su poderío, porque en él tienen su base fundamental todos los privilegios, todas las tiranías.

¡Raro contraste! La burguesía norte americana, perversa, sanguinaria ayer como hoy, quiso detener el pensamiento, quiso ahogar aquellas voces cantoras de rebeldía, anunciadoras de días de ensueño, de paz de amor, y lo que hizo fue despertar las conciencias, unificarlas y hacerlas surgir de aquel abismo para proclamar el derecho a la vida de los goces morales, materiales. Sepultó unos hombres honrados, laboriosos, pero de sus cenizas surgió la luminaria. La antorcha cuyos destellos traspasaron todas las ironías, para dejar flotando en todo el



Remember, Chicago! (Remember a ti, ciudad de la Epave, ciudad del Martirio, ciudad del Oprobio)  
El 1.º de Mayo es el gran día de la Resistencia y de la Protesta...  
Chicago, mártir de la libertad; llor: a ti, amada Anarquía.

¡Salud tiempos pasados! Hermanos caídos, inmolados por luchar por la verdad, por la emancipación de los oprimidos, no os olvidamos. Hoy nuestra protesta es silenciosa, como silenciosos son los tiempos presentes, pero en nuestro pecho está almacenado el odio que engendra la propia burguesía, y cuyo odio hará germinar nuevas luchas que harán tremolar la bandera de todas las reivindicaciones proletarias.  
¡Llor a vosotros, mártires de J. VILLAVESDO

Arquive "E. LEUBROTH"

franquista Miguel Montero Leira, aconsellou atopar algunha solución ao respecto, tendo en conta a fame e a miseria que asolaban moitos fogares mariñeiros.<sup>9</sup>

En terra, grupos de falanxistas, carabineiros, celadores de porto, axentes da policía marítima e gardas cívicos percorrían os peiraos dos principais portos de mar, vixiaban os tripulantes e facían requisas en paños e carboeiras antes da saída das embarcacións. Mesmo no ano 1937, cando as evasións por mar acadaron un volume preocupante para as novas autoridades, o porto coruñés foi obxecto de especial atención por parte non só da sinistra Brigada de Servicios Especiales da Garda Civil comandada polo brigada Manuel Santos Otero, mais tamén por varios axentes da Jefatura del Servicio Nacional de Seguridad, chegados dende Burgos en servizo especial.

Nos portos pesqueiros, e para evitar as fugas que implicaban longos desprazamentos e altos consumos, tanto a auga coma os víveres, o xeo e o carbón dos vapores foron controlados exhaustivamente; de feito, a diminución no subministro de carbón para os bous de altura condicionou en boa medida a súa autonomía de navegación. Neste apartado levouse a cabo, así mesmo, un ríxido racionamento da gasolina precisa para as motoras de pesca, consistente nunha cota limitada a 25 litros por embarcación e día.

Tamén se restrinxiron as zonas de captura en todo o litoral galego. Así, en outubro de 1936, a Comandancia de Vigo prohibiu faenar no interior da Ría e a entrada e saída nocturna do porto vigués.<sup>10</sup> Nas rías do norte, ata decembro de 1936, estivo prohibida a pesca máis alá das 15 millas no tramo de costa comprendido entre Punta Candelaria (Cedeira) e o Cabo Vilán; así mesmo durante o ano 1937, mantívose por razóns militares a prohibición de faenar entre o Cabo San Adrián (Malpica) e os baixos denominados Baldaios. Ademais, o minado da entrada de numerosos portos e os frecuentes exercicios de tiro dende as baterías de costa que agora inzaban a beiramar, tamén levaron de seu múltiples atrancos aos pescadores.

Por último, extremouse a vixilancia tanto a bordo dos barcos pesqueiros de maior tonelaxe, mediante o embarque dalgúns falanxistas ou militares a bordo, como na boca das rías onde torpedeiros, bous artillados ou pesqueiros requisados pola Armada e dotados de radiotele-

fonía, controlaban as embarcacións, que tamén eran abordadas en alta mar por buques facciosos de maior envergadura. Concretamente a comandancia de Mariña de Vigo contaba en 1937 con 2 bous armados, 2 pesqueiros con telefonía en Marín, 8 con base en Vigo e 3 gardapesca, para a vixilancia da frota pesqueira.

A mobilización de sete quintas de mar entre agosto de 1936 e maio de 1937, veu incrementar a incomodidade da xente mariñeira e obrigou á semi-paralización das actividades pesqueiras, pois houbo que botar man en moitas ocasións de vellos e rapaces para completar as tripulacións da frota pesqueira que, por outra parte, xa tiña dificultades dabondo para o abastecemento de aparellos e diversos elementos vitais para as faenas, xa que procedían de zona republicana. No verán de 1937, o descontento manifestouse nas continuas requisitorias dos xulgados de Mariña aos milleiros de mozos non presentados: algúns deles porque había tempo tomaran o camiño da emigración americana, outros porque estaban radicados en localidades costeiras situadas na zona leal e fixeron a guerra no Exército Popular da República, mentres que outros preferiron marchar aos montes ou a Portugal para zafar da súa incorporación a filas. Tamén chama a atención que estes reemprazamentos non fosen dirixidos aos navíos da armada franquista, proba da pouca confianza que se lles tiña, e en troques destináranse maiormente á fronte de Aragón onde se lles mirou con notoria suspicacia froito das continuas evasións á zona leal.

## **AS EVASIÓNS POR MAR**

Este ambiente enrarecido e refractario na beiramar, pensamos que pode axudar a explicar as 75 evasións que tiveron lugar por mar ao longo de toda a costa galega durante a contenda, co porto coruñés á cabeza .

Vexamos os portos dende os que se produciron as fugas:



## Fugas (1936-39)

PORTO	ÉXITO	FRUSTRADAS	TOTAL
Ribadeo	1		1
Foz	1		1
Viveiro-Celeiro		1	1
San Cibrao	2		2
O Barqueiro		1	1
Cariño	1		1
Espasante	1		1
Cedeira		2	2
Total Cantábrico (8 portos)	6	4	10
Ferrol	3	1	4
	(inclúe 2 militares)(militar)		
Ares	1		1
Miño	2	1	3
Mera	1		1
Coruña	14	8	22
Total Golfo Ártabro (5 portos)	21	10	31
Malpica	3		3
Camariñas		2	2
Muxía		1	1
Corcubión	2		2
O Pindo	1		1
Total Costa da Morte (5 portos)	6	3	9
Muros	1		1
Noia	1		1
Corrubedo		1	1
Ribeira	1	1	2
Palmeira	1		1
A Pobra	1	1	2
O Grove	1	1	2
Marín	2	3	5
	(inclúe 1 militar)		
Moaña		1	1
Vigo-Bouzas	5	3	8

¿?		1	1
Total Rías Baixas (10 portos)	13	12	25
Xixón	3	1	4
Pasaia	1 (militar)	1	2
Barcelona	1 (militar)		1
Alacant	1		1
Total exterior	6	2	8
<b>TOTAL</b>	<b>46+6</b>	<b>29+2</b>	<b>75+8</b>
(28 portos + Xixón, Pasaia e Alacant)			

E agora, a súa secuencia:

## Periodización das fugas e outros actos de rebeldía nos barcos 1936-1939 (\*)

PERÍODO	TOTAL GALICIA		TOTAL A CORUÑA	
	Fugas	Outras	Fugas	Outras
Até 30/7/36	14	4	1	-
Verán 36	7	1	1	-
Outono 36	4	2	1	-
Total	25	7	3	-
Inverno 36-37	5 +1 (Pasaia)	-	3	-
Primavera 37	7	-	2	-
Verán 37	12+1 (Pasaia)	1	4	-
Outono 37	7+3 (Xixón)	-	3	-
Total	31+5	1	12	-
Inverno 37-38	1+1 (Xixón)	-	1	-
Primavera 38	1	-	1	-
Verán 38	4	1	2	-
Outono 38	4	1	2	-
Total	10+1	2	6	-
Inverno 38-39	1 (Barcelona)	-	-	-
Rematada a guerra	4+1 (Alacant)	-	-	-
Sen data	4		1	
<b>TOTAL</b>	<b>75+8</b>	<b>10</b>	<b>22</b>	<b>-</b>

(\*) Outras: procesamentos por sedición, rebeldía ou deserción nos barcos pesqueiros, sen que teñamos constancia de que exista tentativa de fuga.

Por último, os portos de destino foron os seguintes:

### Portos de destino das fugas por mar

Portos	Antes de outubro de 1937	Dende outubro de 1937
Corrubedo	1 (frustrada)	-
Total Galicia	1 (frustrada)	-
Avilés	1	-
Xixón	3	-
Luarca	-	1 (frustrada)
Castropol	1 (frustrada)	-
Lastres	1	-
Asturias (sen concretar)	4 (1 frustrada)	-
Bilbo	3 (1 militar)	-
Total Cantábrico	13 (2 frustradas)	1 (frustrada)
Cartagena	1 (militar)	-
Málaga	1 (militar)	-
Mediterráneo (sen concretar)	1 (militar)	-
Total Mediterráneo	3 (3 militares)	-
Leições	3 (2 frustradas)	-
Viana do Castelo	1 (frustrada)	-
Lisboa	1 (frustrada)	-
Portugal (sen concretar)	2 (1 frustrada)	-
Total Portugal	7 (5 frustradas)	-
Casablanca (Marrocos)	2	-
Alger (Argelia)	1	-
Total Norte de África	3	-
Francia (sen concretar)	4	-
Saint Nazaire	1	3

Brest	5	6
Audierne	-	1
Douarnenez	1	-
Benodet	-	1
Le Guilvinec-Concarneau	1	-
Marennes-Rochefort	1	-
La Pallice-La Rochelle	1	2
Saint Gilles de Vendée	1	-
Bordeaux	-	2
Bayonne	1	-
Port Vendres	-	1 (militar)
Total Francia	16	16
Newlyn (GB)-Brest	-	1
Bristol (GB)	-	1
Total Gran Bretaña	-	2

Antes que nada, cómpre sinalar que as fugas se produciron en máis do 40% dos portos galegos, situados tanto nas Rías Altas como nas Baixas. Isto reflicte unha extensión verdadeiramente notábel que non pode ser desvincellada do antigo tecido asociativo desmantelado polos fascistas, polo tanto, é lóxica a presenza maioritaria dos mariñeiros anarcosindicalistas nestes episodios. Segundo a nosa avaliación, nas evasións estiveron implicados case 80 barcos e afectaron a máis de 800 persoas, sen contarmos os militares da Armada. Non obstante, é posible que, xa daquela, pasaran desapercibidas arriscadas fugas individuais a bordo de pequenos botes de remo e vela, cun resultado máis que incerto; feitos que só podemos enxergar pescudando na asolagada memoria colectiva das diversas localidades mariñeiras.<sup>11</sup> Porén, o recurso ás evasións por mar aínda puido ser máis socorrido, de non ser polo convencemento que moitos mariñeiros tiñan de que, se fuxían, os seus achegados ían ter que aturar un verdadeiro inferno de represalias.<sup>12</sup>

O número e a periodización das evasións demostran que tan só na Coruña e Vigo (se cadra tamén, de xeito máis puntual, en Marín e Malpica) actuaron redes clandestinas que facilitaron as saídas dunha maneira continuada até o inverno de 1938. De feito, os sumarios das causas xudiciais incoadas polas fugas son explícitos no funcionamento da



rede de evasión artellada na Coruña polos militantes do Sindicato de Industria Pesquera e maiormente polos da sección de mariñeiros El Despertar Marítimo, creada en 1914.<sup>13</sup> Nela participaron militantes moi coñecidos antes do golpe militar, caso de Manuel Montes (antigo secretario da Federación Nacional de Industria Pesquera da CNT), o seu fillo Carlos, e os cadros do SIP, Julio Sanjurjo, José e Secundino Rodríguez Eiras *Os Cotexos*, José Gómez Ruibal *O Cadreche*, Aquilino Parapar, Alejandro Maneiro, Francisco Lado, Antonio Outerelo, Vicente Oliver, José Serrano, Alejandro Paz, ou Manuel Figueroa. Os cometidos da rede foron: agachar os perseguidos; manter a comunicación mediante enlaces (mulleres e nenos en moitas ocasións); cotizar para manter os fuxidos, comprar carburante, adquirir pequenas embarcacións con que realizar as fugas, ou asegurar a complicidade dalgún patrón; e por último organizar as fugas, maiormente dende o propio peirao pesqueiro, dende O Portiño, As Xubias ou abordando os barcos na boca da Ría. Tampouco está descartado que a devandita rede clandestina mantivera contacto con outros portos, caso de Vigo, Malpica ou Mera.

A persecución dos militantes que participaron nestas actividades foi sistemática e, como consecuencia, uns serían asasinados, outros pasarían ben anos na cadea e algúns non tiveron outra que enfilarse a rota do exilio. Cómpre lembrar, asemade, o papel das mulleres quer como enlaces quer como responsables de agacharen os perseguidos nos seus domicilios; algunhas, caso da antiga delegada da sección de empacadoras do SIP Sofía Martínez *A Corales*, aturaron moitas penalidades e anos de cadea polo seu labor arriscado e solidario.

Tras as múltiples evasións acontecidas nos primeiros días do alzamento militar en diversos lugares da beira-mar galega, as fugas aumentaron de vez até o inverno do ano 1937, cando a creba da fronte do Norte fixo máis perigosa a navegación polo Cantábrico e obrigou a facer percorridos máis longos. Tamén a negativa evolución da contenda para os antifascistas e a mingua da malla clandestina coruñesa, quer pola marcha progresiva dos seus

membros a territorio leal, quer polos efectos da represión (o asasinato de Manuel Montes e o do seu fillo Carlos na primavera de 1938 debeu ser un duro golpe), influíron no descenso das fugas correndo o ano 1938, malia que mesmo continuaron a se producir, se ben de xeito residual, despois de finalizada a contenda.

Resulta interesante constatar que o grao de eficacia das evasións se reduciu nas Rías Baixas, ben polo fracaso da práctica totalidade das que se dirixiron a Portugal e, como consecuencia, pola maior distancia que debían percorrer por mares moi vixiados, ou ben pola inexistencia dunha organización como a coruñesa capaz de sustentar redes clandestinas de semellante envergadura. Non obstante, cómpre sinalar que, en troques, o porto de Vigo coñeceu numerosas deserções de pescadores enrolados nas parellas do

Gran Sol, con ocasión das súas arribadas ao porto galés de Milford Haven ou ao irlandés de Bantry.

Noutra orde de cousas, cómpre lembrar que os mariñeiros galegos radicados en Asturias, no País Vasco ou no Mediterráneo tamén tiveron protagonismo en diversas fugas levadas a cabo dende os portos de Xixón, Pasaiá, Alacant e Barcelona, unha vez que os franquistas dominaron estas zonas. Así, o bou artillado da Armada



franquista *Virgen del Carmen* abandonou a compañía dos outros cinco bous operativos na base de Pasai San Pedro, o 6 de decembro de 1936, para se dirixir a Bilbo, tras se sublevar, contra o seu comandante, a tripulación liderada polos cabos José Seoane Cortés e Gerardo Rico López (aquele veciño de Ribeira e este último natural de Ferrol), axudados polo mariñeiro ribeirán José Santiago Pérez. O barco integrárase, por pouco tempo, na Mariña Auxiliar de Euskadi baixo a denominación de *Donostia*.<sup>14</sup>

Algunhas das fugas foron moi espectaculares e representaron un notorio éxito para a resistencia. Velaí a chegada a Xixón da gasolinera *Conchita* o 5 de xaneiro de 1937, con vinte e tres cadros da Federación Local da CNT coruñesa (entre eles o seu antigo secretario José Moreno Torres), que se incorporaron deseguido ao Batallón 219 de Asturias, acumado *Galicia*. Tamén foi moi rechamante a arribada ao porto bretón de Brest, cinco meses máis tarde, do bou *Constante Veiga nº 4*, tras ser abordado por varios fuxitivos na altura da boia do Pedrido, contando coa complicidade de varios dos seus tripulantes, que reduciron a velocidade da embarcación. Os evadidos resultaron ser o fogueiro anarquista José Rodríguez Eiras *O Cotexo*, Francisco Javier Caridad Mateo, fillo do Xeneral Rogelio Caridad Pita e de ideario comunista, e José García, militante das JJSS e coñecido popularmente como *Pepín o da Lejía*. Un mes máis tarde, os vixiantes do mesmo porto de Brest enxergaron abraídos como nada menos que dúas parellas de pesqueiros entraban no porto e delas desembarcaban 18 asaltantes xunto con 28 mariñeiros das tripulacións. Entre aqueles e a carón dun feixe de mariñeiros anarcosindicalistas, atopábase o veterano líder das tabaqueiras coruñesas, Severino Chacón, que xa tentara fuxir en dúas ocasións sen éxito.

Noutras ocasións, as fugas remataban en traxedia, caso da frustrada o 3 de marzo de 1937 na contorna do Portiño e do Monte San Pedro, nos arrabaldes da capital herculina. Daquela, estiveron implicados un cento de persoas que, ao seren descubertas, fuxiron monte arriba ou a nado, co resultado de 28 detidos e varios desaparecidos. Meses despois, 19 dos apresados aquel día serían fusilados no recinto militar de Punta Herminia, preto da Torre de Hércules.

Vigo tamén coñeceu algunha evasión que tivo consecuencias nefastas pois, en abril de 1937, un grupo de dez militantes galeguistas, cenetistas e comunistas (entre eles dous curmáns rianxeiros de Castelao) tentou facerse co bou *Eva* no Berbés e morreron no intento. Deixemos que sexa Rafael Dieste, amigo dos irmáns Losada Castelao, sacrificados naquela mouro xornada, e rianxeiro coma eles, quen conte a historia:

«Veu nos xornais a notiza, enxoita e breve. Na madrugada do 23 de abril foron sacados d' un bou, disposto para zarpar de Vigo, os cadáveres de nove homes e unha muller moza [...].

Aqueles nove homes e aquela moza, casada de pouco tempo con un d' eles, tíñanse ocultado no bou para fuxir – despois de moitos meses de esquivaren a teimosa persecución feixista. Eran de distintos partidos. Foron delatados –din os xornais– por un tripulante. Os feixistas arrimaron un barco alxibe do porto e asolagaron a bodega do bou. Primeiro con auga fría. Despois con auga fervente. Os acosados non saían... Ouvíronse uns disparos... O mozo recén casado chamábase Nogueira. Dos outros nomes sábense dous que alongaron o noso estremecimento, e acurtaron de súpeto a distancia –xa brevísima– entre o noso esprito i a traxedia: Manuel Rodríguez Castelao; José Losada Castelao; curmáns d' Alfonso...dous dos rapaces máis puros da nosa terra [...]».<sup>15</sup>

Máis modesta canto a número, foi a fuga protagonizada no verán de 1936 polo antigo militante do sindicato La Protección Obrera de Porto do Son, Francisco Lemíña, que tivo mesmamente unha funesta conclusión. Posto en liberdade tras estar detido nos primeiros intres na cadea de Noia, Francisco fuxiu nun pequeno barco de vela na compañía dun curtidor cenetista daquela vila, chamado José Maneiro Teira. Tras varios días de navegación, conseguiron chegar á altura de Ribadeo, onde foron apresados por un bou fascista e confinados na cadea de Castropol. Logo de recibir informes desfavorables da Falanxe e da Garda Civil de Porto do Son, os fascistas procederon á súa execución sen tan sequera agardar á celebración dun xuízo sumarísimo.

Por último, é interesante constatar que a xa mencionada mobilización de sete quintas de mar, tamén tivo a súa repercusión no capítulo das evasións. Así, no outono de

1937, trece desertores da Mariña fugados había meses no Monte do Pindo, abordaron en Corcubión a motora *El As* e puxeron rumbo N.O. para arribar ao porto de Bristol cinco días máis tarde, remolcados por un mercante inglés.

## ■ CODA

En definitiva, semella que os mariñeiros, xunto co proletariado terrestre, foron unha das capas da poboación máis castigadas (falamos en termos relativos, non absolutos) polo franquismo en Galicia, pois a porcentaxe de pescadores obxecto de determinadas represalias (mortos, desaparecidos, procesados en Consello de Guerra), en torno a un 10% respecto do total de vítimas, case que duplica a participación porcentual dos traballadores da pesca na poboación activa galega daquel tempo, que a penas acadaba un 6%.<sup>16</sup> Estas cifras proceden da base de datos elaborada para o período comprendido entre o 18 de xullo de 1936 e o 1 de abril de 1939 polo proxecto de investigación interuniversitario *As Vítimas, Os Nomes, As Voces, Os Lugares*.

En suma, foi unha represión que, como xa se apuntou con anterioridade, tivo un inequívoco carácter *de clase* indisoluble da importante capacidade de organización e combatividade amosada pola xente de mar ao longo do primeiro terzo do século XX e culminada durante a IIª República. Segundo a base de datos do devandito proxecto, un mínimo de 312 mariñeiros aveciñados na nosa beiramar morreron a causa da *limpeza* levada a cabo polos novos detentadores do poder político entre o verán de 1936 e o final da guerra; deles, xa quedou dito, máis dun 40% foran cadros da fenecida FRGIP. Ademais, é importante subliñar que moitos mariñeiros (unha cifra superior a douscentos, concretamente) foron obxecto de execución extraxudicial, mentres que unha vintena teñen a consideración de desaparecidos, maiormente fondeados no mar. Ao cabo, segundo esta investigación, cando menos 859 mariñeiros padeceron un consello de guerra con distinta sorte, mentres outros 167 foron obxecto de diversas represalias. Cómpre precisar que nestas cifras non están incluídos os mariñeiros e pescadores que estiveron detidos con carácter de *gubernativos*, nin tampou-

co os que foron obxecto de expedientes de responsabilidades civís (que levaban aparelladas multas e confiscacións diversas) a partir de 1937, polo que, coma sempre, só cómpre falar dunhas cantidades que deben ser cualificadas de *mínimas*.

## NOTAS

- 1 O presente traballo é un breve resumo do libro da miña autoría *Loita de clases no mar e represión franquista contra os pescadores galegos (1864-1939)*, Edicións Xerais, Vigo, actualmente en prensa. Mentres, pódese consultar unha visión do conflitivoonsel asociativo no mundo do mar en Pereira, D: *Foulas e Ronseis. Retrincos para un Tratado do Mar dos Galegos*, Ed. Positivas, Santiago, 2005.
- 2 GRANDÍO SEOANE, E. *Vixiancia e represión na Galicia da Guerra Civil. O «Informe Brandariz» (A Coruña, 1937)*. Sada, Ed. do Castro, 2001.
- 3 No tocante ás Rías Baixas, ver PEREIRA, C. (Editor). *O que fixeron en Galicia*. Vigo, A Nosa Terra, 1998. Para o caso de Cariño, no Cantábrico, pódese consultar PITA, J. *Historia de amor y tragedia*. Canadá, Lions Bay, B.C., 1995.
- 4 Ver GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, X. M. e VILLAVARDE ROMÁN, X. C. *Moaña nos anos vermellos. Conflictividade social e política nun concello agrario e mariñeiro (1930-1937)*. Sada, Ed. do Castro, 1999; e SANTOS CASTROVIEJO, I. e NORES SOLIÑO, A. *Historia de Cangas 1900-1936. Unha ribeira de pescadores*. Vigo, A Nosa Terra, 2005. Tamén Causa 1212-36 Vigo, Tribunal Militar IV.
- 5 PATIÑO REGUEIRA, A. *Memoria de Ferro*. Vigo, A Nosa Terra, 2005.
- 6 DOPICO, X. «In memoriam», en *Revista Dorna* da Asociación Cultural Dorna, páxs. 3-5, Illa de Arousa, xuño 2006.
- 7 PEREIRA, D. «Os escenarios do mar tras o golpe militar: O caso da beira pontevedresa da Ría de Arousa», en *A Trabe de Ouro* nº 67, páxs. 343-351, xullo-setembro 2006, Santiago, Ed. Sotelo Blanco.
- 8 Na Guarda, por exemplo, o ex-secretario do SIP, Nueva Marina, estivo unha chea de meses sen poder embarcar pola súa vella militancia cenetista. Ver WOUTERS, M. *1936. Os primeiros días*. Vigo, Ed. Xerais, 1993.
- 9 GRANDÍO SEOANE, E., *op. cit.* 2001.
- 10 *Nueva Galicia*, Barcelona, 4-11-25/7/1937; *El Pueblo Gallego*, Vigo, 8/10/36.
- 11 Nunha entrevista a Juan Castro Vilar, un dos evadidos no bou Ramón, e veciño de Chanteiro-Cervás, afirmaba: «E a República perdeu a guerra. Os fuxidos sabemos uns dos outros polas familias, e pensamos en ir ao monte ou en marchare fóra, algún foise en bote e nunca máis se soubo del». Ver MÁIZ VÁZQUEZ, B. *Resistencia, guerrilla e represión. Causas e Consellos de Guerra. Ferrol, 1936-1955*. Vigo, A Nosa Terra, 2004.
- 12 Entrevista a Dolores Rodal Blanco, Cangas, 29/11/2006.

13 Tamén albiscamos referencias a esta malla nas declaracións dun evadido da Coruña, Julio Álvarez Crespo, publicadas no voceiro barcelonés *Nueva Galicia* nº 9 (correspondente ao 11/7/37), e tamén na obra de Luis Costa García (nome auténtico de Juan García Durán) carpinteiro cenetista de Vilaxoán agachado na Coruña dende antes do golpe e que participou na organización clandestina xunto co seu camarada, o fogueiro de Carril, Secundino Rodríguez Eiras *O Cotexo*. Ver GARCÍA DURÁN, J. *Pola Liberdade. A loita antifranquista de Luis Costa*. Vigo, A Nosa Terra, 2001.

14 PARDO SAN GIL, J. *La Marina de Guerra Auxiliar de Euzkadi (1936-39)*. Donostia, Untzi Museoa-Museo Naval, 2008 (reed.). Ver tamén o interrogatorio realizado aos tres fuxitivos por parte de Joaquín de Eguía, «Jefe de la Sección de Marina de Guerra del Gobierno de Euzkadi», reproducido na páxina web [www.marinavasca.eu](http://www.marinavasca.eu).

15 DIESTE, R. «Unha morte lanzal», artigo publicado no quincenario *Nova Galiza*, Barcelona, 15/6/1937.

16 No ano 1930, en torno a 60.000 persoas estaban dedicadas ás faenas pesqueiras no litoral galego. Ver proxecto de investigación interuniversitario *As Víctimas, Os Nomes, As Voces, Os Lugares: o 1º informe Víctimas da represión en Galicia (1936-1939)*. Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, 2009.

